

## Bloque 2 - ÉTICA

### Unidade Didáctica 3

## ÉTICA E MORAL

### 1.- ÉTICA E POLÍTICA

Aínda que na linguaxe coloquial usamos estas dúas palabras de maneira sinónima, en realidade non significan o mesmo:

- **Ética:** deriva do grego “*ethos*” que significa: maneira de facer as cousas, hábito ou costume. A utilizaban para referirse a aqueles actos do noso comportamento que eran “correctos” e que se aprendían repetindo as actuacións correctas.

Entendemos por ética a reflexión filosófica sobre os nosos actos morais; é dicir sería unha especie de “teoría” ou “normas xerais” que xustifican e explican os nosos actos.

- **Moral:** deriva do latín “*moralis*” que viña dicir algo así como: modo, uso ou práctica. Facía referencia ás actuacións concretas, estaba relacionada coa *praxis* máis que coa teoría.

A moral é unha das características máis definitorias do ser humano. As persoas somos libres de elixir os nosos actos (chámase **libre albedrío**), podemos actuar de maneira moral ou inmoral, pero non podemos ser amorais.

### 2.- DESARROLLO DA CONCIENCIA MORAL

Se entendemos a moral como as decisións que tomamos en cada momento e a ética como os hábitos ou comportamentos adquiridos, hai que pensar que aínda que nacemos co libre albedrío ou capacidade de elixir, non nacemos con **conciencia moral**. Esta vaise adquirindo ao longo da nosa vida. Podemos dicir que as nosas decisións vannos conformando como seres morais.

O pensador e psicólogo **Lawrence Kohlberg** describe unha serie de etapas ou estadios na maduración moral:

| ETAPAS          |                                     | SUBETAPAS                  | CARACTERÍSTICAS                                                                      |
|-----------------|-------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Preconvencional | Fase Egocéntrica: coidado dun mesmo | Obediencia á autoridade    | As normas proceden sempre de alguén con autoridade e respéctanse por medo ao castigo |
|                 |                                     | Individualismo egocéntrico | Asúmense como normas propias aquelas que favorecen os intereses persoais             |

|                 |                                                                     |                                         |                                                                                                                                                           |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Convencional    | Fase Altruísta: coidado dos demais                                  | “Bo rapaz/a”                            | Actúase en función do que se cre cos demais esperan de un. O desexo de agradar guía a nosa actuación                                                      |
|                 |                                                                     | Respecto ao orden social establecido    | Asúmense as normas porque síntese a necesidade de comprometerse socialmente e porque se pensa que son útiles                                              |
| Posconvencional | Fase de Responsabilidade: coidado de un mesmo pero tamén dos demais | Relativismo contractualista             | Descúbrese o carácter relativo das leis/normas. Enténdese que só son convenios ou acordos pero se aceptan e respectan por ser un pacto entre todos        |
|                 |                                                                     | Principios universais e Autonomía Moral | Tómase consciencia da existencia duns principios universais que están moi por encima das normas legais. Acadamos a autonomía moral por encima das normas. |

### **3.- RELATIVISMO E UNIVERSALISMO MORAL**

Un dos grandes debates do mundo da filosofía é a orixe e características da dimensión moral do ser humanos. O principal problema está entre:

- **O UNIVERSALISMO MORAL:** afirma a existencia de valores morais absolutos e universais; eses valores valerían para tódalas épocas, tódalas culturas, tódalas clases sociais e tódolos individuos.

Algúns filósofos que afirmaron esta posición son: Sócrates, Platón, Tomás de Aquino, Kant ou Habermas.

- **O RELATIVISMO MORAL:** afirma que ningún valor vale para sempre. Os valores e xuízos morais varían segundo as épocas e as culturas. Non hai valores eternos, nada é bo/malo para sempre. Polo tanto non podemos xulgar as accións morais de unha época cos valores de outra.

Filósofos que defenderon esa posición son: os Sofista, Spinoza ou Nietzsche

**Actualmente:** a tendencia está en pensar que non hai uns valores eternos pero que é necesario chegar a unha convención ou pacto para establecer un acordo en como é correcto actuar e como non. Este acordo ou convención debe respectar os **Dereitos Universais do Ser Humano** e calquera “actuación moral” que non os respecte, non estaría recoñecida como correcta; independentemente da cultura, relixión ou costume na que se ampare.

#### **4.- KANT E O IMPERATIVO CATEGÓRICO**

Imanol Kant (filósofo alemán do século XVIII) pensaba que existían uns valores morais universais e eternos que viñan do feito de que os seres humanos somos seres racionais:

*“como somos seres racionais somos morais e somos morais en tanto que somos racionais.”*

Nunha acción moral o importante é a **vontade**. Debemos querer actuar ben sempre de maneira voluntaria e libremente (se non hai liberdade non se pode falar de moralidade e se non hai vontade tampouco). A moralidade é un deber que temos os seres humanos. Distingue tres tipos de accións:

- As accións contrarias ao deber: faise o contrario ao deber
- As accións conforme ao deber: realizase o que é correcto pero non por convicción propia se non porque nos trae algún tipo de beneficio
- As accións por deber: actuamos ben pola soa convicción de que é o que debemos facer independentemente das consecuencias.

Para Kant só as últimas accións son accións morais, o resto non se poden considerar como tal.

O noso deber defínese no que Kant denomina o **Imperativo Categórico**, que podemos definir como unha especie de lei teórica que ten que marcar tódalas nosas accións. Kant define o Imperativo Categórico como:

*“Actúa sempre de tal maneira que poidas querer ca túa acción convértase nunha lei universal.”*

E dicir: antes de tomar calquera decisión, debemos de pensar se sería bon que esa acción que imos realizar se convertera en algo que fixera todo o mundo. Se é así é ca acción é correcta pero se non, non debemos realizala

#### **5.- AS ÉTICAS DISCURSIVAS OU DIALÓXICAS**

Son a versión moderna da ética kantiana. Proclaman a necesidade de recoñecer uns valores morais comúns para toda a humanidade pero non cren que estes deriven só da racionalidade dos seres humanos; é dicir, non pensan que eses valores sexan espontáneos e naturais polo simple feito de ser racionais.

Eses valores deben ser un **consenso**, **acordo** ou **pacto** de toda a humanidade. Os seres humanos debemos poñernos de acordo en cales son os valores xerais (o marco teórico ético) que debemos respectar todos e no que deben de moverse os nosos actos.

Como conseguir isto? Jürguen Habermas di que só se pode facer a través do diálogo (por eso estas éticas chámanse dialóxicas ou do discurso). O dialogo a través do que débese conseguir este consenso, debe respectar as seguintes condicións:

- Incluir a todos os membros da sociedade: sen distinción de clase social, nacionalidade, razas, relixión, ideas políticas, sexo, incluso aqueles que non teñen voz (nenos, discapacitados, animais, planeta, xeracións futuras)
- Que todos os membros dispoñan das mesmas posibilidades para intervir no diálogo: tempo, condicións intelectuais, etc
- Que todo o mundo se comprometa a querer chegar a un fin
- Que ningún estea ameazado, supeditado ou atemorizado por algo ou alguén que non lle permita expresarse libremente.